

TRABALLO CON NÚMEROS. FÓRMULAS

Operadores matemáticos	
+	Suma
-	Resta
*	Multiplicación
/	División
^	Potencia
+-	Signos positivo e negativo

Vexamos a través dun exemplo sinxelo como podemos calcular a ÁREA, o VOLUME e a MASA dun cilindro coñecendo o RADIO a ALTURA e a DENSIDADE.

1. Encher unha folla de cálculo cos datos seguintes e darlles o formato que se indica nas caixiñas de texto

	A	B	C	D	E	F	G	H
1								
2								
3								
4		Radio	Altura	Área	Volume	Masa		
5								
6	Peza 1	2	30					
7	Peza 2	3	40					
8	Peza 3	4	50					
9	Peza 4	5	60					
10	Peza 5	6	70					
11								
12	Densidade	7,8						

Cores rosa e verde, arial, 10 puntos, normal. Aliñación esquerda.
 Celas B2-H2 combinadas. Cor azul, arial, 14 puntos, negriña. Aliñación centrada.
 Cor negra, arial, 10 puntos, normal. Con tramas amarela, verde e azul. Aliñación esquerda.
 Cor laranxa, arial, 10 puntos, normal. Aliñación esquerda.
 Cor negra, arial, 10 puntos, normal. Aliñación esquerda.
 Cor negra, arial, 10 puntos, normal. Aliñación dereita.

2. Calcular as áreas dos cilindros: $3,14 \times \text{RADIO}^2$

- Cela D6: $=3,14*B6^2$
- Celas D7, D8, D9, D10: colocar o rato sobre a cela D6, facer clic e arrastrar ata o final da cela D10. Deste xeito copiamos a fórmula da cela D6 nas outras sen ter que escribirla catro veces máis. Automaticamente, en F7 aparece $3,14*B7^2$, en F8 aparece $3,14*B8^2$, en F9 aparece $3,14*B9^2$ e en F10 aparece $3,14*B10^2$.

3. Calcular os volumes dos cilindros: AREAxALTURA

- Cela E6: $=D6*C6$
- Celas E7, E8, E9, E10: colocar o rato sobre a cela E6, facer clic e arrastrar ata o final da cela E10. Deste xeito copiamos a fórmula da cela E6 nas outras sen ter que escribirla catro veces máis.

4. Calcular as masas dos cilindros: DENSIDADExVOLUME

- Cela F6: $=B12*E6$
- Cela F7: $=B12*E7$
- Cela F8: $=B12*E8$
- Cela F9: $=B12*E9$
- Cela F10: $=B12*E10$

Neste caso non podemos arrastrar a fórmula da cela F6. A cela B12 intervéñ nos cálculos de F6, F7, F8, F9 e F10. Podemos solucionar este problema escribindo a fórmula da cela F6 do seguinte xeito:

- Cela F6: $=\$B\$12*E6$

	A	B	C	D	E	F	G	H
1								
2		VOLUME DUN CILINDRO EN FUNCIÓN DO RADIO E DA ALTURA						
3								
4		Radio	Altura	Área	Volume	Masa		
5								
6	Peza 1	2	30	12,56	376,80	2939,04		
7	Peza 2	3	40	28,26	1130,40	8817,12		
8	Peza 3	4	50	50,24	2512,00			
9	Peza 4	5	60	78,50	4710,00			
10	Peza 5	6	70	113,04	7912,80			
11								
12	Densidade	7,8						
13								
14								

$=3,14*B6^2$

$=B6*C6$

$=\$B\$12*E6$